

## **RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL PARA CUBRIR 2 PRAZAS DE OFICIAIS DE 2ª E DE 3 PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS A TEMPO PARCIAL 25 HORAS SEMANAIS DURANTE 5 MESES.**

### **CONSIDERACIÓNS:**

De conformidade coa convocatoria e bases reguladoras da concesión, execución e xustificacións de subvencións con cargo ao Programa de Integración Laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos a provincia de menos de 20.000 habitantes anualidade 2019 publicada o 6 de febreiro de 2019 BOP nº 26 , pola que se concede unha subvención para a contratación de 2 oficiais e 3 peóns a tempo parcial 25 horas semanas durante cinco meses (resolución publicada no BOP nº 65, de 4 de abril de 2019).

Por todo o indicado **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar as bases polas que se vai rexer a selección do persoal para cubrir as prazas ofertadas, tal como se transcriben a continuación:

### **CRITERIOS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL PARA CUBRIR 2 PRAZAS DE OFICIAL DE 2ª E 3 PRAZAS DE PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS A TEMPO PARCIAL 25 HORAS SEMANAIS DURANTE 5 MESES.**

#### **1. OBXECTO DA CONVOCATORIA**

A presente convocatoria ten por obxecto a cobertura temporal a tempo parcial 25 horas semanais durante 5 meses de 2 oficiais de 2ª e 3 peóns de servizos múltiples.

Os horarios serán de cómputo semanal cos descansos que a lei establece e segundo as necesidades do servizo.

#### **2. DESTINATARIOS**

De conformidade coa Base 2.1 do Programa de integración laboral da Deputación, as persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo e atoparse nalgunha das seguintes situación de exclusión laboral:

- a) Mulleres
- b) Maiores de 45 anos
- c) Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos en desemprego.
- d) Persoas con discapacidade recoñecida pola administración competente nun grado igual ou superior ao 33%. A acreditación da discapacidade seá comprobada no proceso de selección.
- e) Persoas en situación de drogodependencia.
- f) Persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego.
- g) Persoas nun fogar monoparental/monomarental.
- h) Persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestión socioculturais.
- i) Persoas vítimas de violencia de xénero.
- j) Persoas sen fogar.

#### **3. FUNCIÓNS**

As función a realizar serán as propias do posto de traballo.

#### **4. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES**

- 1) Ter a nacionalidade española ou de calquera dos Estados membros da Unión Europea, ser cónxuxe de calquera dos anteriores sempre que non estea separado/a de dereito, ser descendente de calquera deles sempre que sexa menor de vinte e un anos ou maior de dita idade pero dependentes, ou ter calquera outra nacionalidade á que lle sexan aplicables tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sobre libre circulación de traballadores. Os/As estranxeiros/as aos/ás que se refire o apartado anterior e con residencia legal en España poderán acceder como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.
- 2) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- 3) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- 4) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse incurso en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos.
- 5) Estar en situación de desemprego inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- 6) Todos os requisitos anteriores deberán cumprirse no momento do inicio do proceso selectivo.

#### **5. PUBLICIDADE**

A presente resolución e bases publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello da Baña e na páxina web do Concello da Baña: [www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal).

#### **6. REQUISITOS DAS PERSOAS PARA A SELECCIÓN**

O Concello da Baña realizará a correspondente convocatoria mediante inserción dunha oferta de emprego na Oficina de Emprego Santiago Norte.

#### **7. CRITERIOS DE VALORACIÓN (Ata un máx. de 10 puntos)**

##### **7.1 Criterios sociais de integración laboral.**

**Valorarase 0,5 puntos por atoparse en alguna ou algunhas das situación que logo se relacionan, ata un máximo de 4 puntos.**

Muller

Maior de 45 anos

Discapacidade superior ao 33%

Parados de longa duración

Vítimas de violencia de xénero

Persoas sen fogar

Vivir nun fogar no que ninguén teña emprego

Persoas con fogar monoparental/monomarental

Persoas con problemas para atopar emprego por idioma ou cuestión socioculturais.

##### **7.2 Entrevista persoal (Ata un máx. de 3 puntos)**

Nesta fase realizaranse preguntas relacionadas coa dispoñibilidade do aspirante e a súa adecuación ao posto de traballo a ocupar.

### **7.3 Titulación e experiencia nos postos de traballo a realizar (Ata un máx. de 3 puntos)**

Por titulación para a praza á que se opta, 1 punto

Por servizos prestados en postos directamente relacionados coa praza á que se opte desta convocatoria, 0,15 puntos ata un máximo de 2.

A experiencia laboral deberá vir debidamente xustificada mediante copia cotexada ou orixinal dos contratos de traballo, onde se indique de forma clara o seu inicio e finalización, así como a categoría profesional pola que fora contratado/a. Achegarase así mesmo, informe de vida laboral.

## **8. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL**

O tribunal cualificador reunirse para a valoración da documentación achegada e a realización da entrevista e estará constituída polos seguintes membros:

Presidente/a. M<sup>a</sup> Dolores Landeira Liñares.

Secretario/a. O secretario da corporación, ou un/ha funcionario/a en quen delegue ou legalmente o substitúa, con voz pero sen voto.

Vogais. Tres traballadores/as como mínimo da mesma categoría profesional que o posto ofertado:

- Manuel Barbeira Ramos
- Nagore Pazos Balboa
- Mónica Tomé Rey

No caso de ser necesaria a substitución dalgún dos membros por causa xustificada, o alcalde efectuará a oportuna designación, publicándose na páxina web do concello.

O tribunal non poderá constituirse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros. Todos os membros do tribunal deberán contar con titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto ao que se opta.

## **9. INCIDENCIAS**

O tribunal estará cualificado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten durante o proceso selectivo.

## **10. IMPUGNACIÓNS**

A presente convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven destas poderán ser impugnanados polos/as interesados/as da forma legalmente prevista na Lei 39/2015, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

## **11. NORMATIVA APLICABLE**

O procedemento rexerese especialmente polo establecido nas seguintes normas:

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións:

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 30/1984, de 2 agosto, de medidas para a reforma da función pública.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño.

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

**Segundo.-** Publíquese o texto íntegro destas bases conforme ao establecido nas mesmas.

A Baña, a 13 de maio de 2019

O alcalde

Asdo.: José Andrés García Cardeso